Enrédate nos nosos Museos
Coñécesnos?

Programa de Actividades Escolares
2017/2018

museo provincial do mar REDE MUSEÍSTICA

museo fortaleza san paio de narla REDE MUSEÍSTICA

museo provincial de lugo REDE MUSEÍSTICA

museo pazo de tor REDE MUSEÍSTICA

DEPUTACIÓN DE LUGO

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

museo provincial de lugo

REDE MUSEÍSTICA

Programa de Actividades Escolares 2017/2018

A Rede Museística Provincial, dependente da Deputación de Lugo, e a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2017/2018 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron nestas actividades en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co departamento de Didáctica deste Museo.

Museo Provincial de Lugo (Actividades)

ACTIVIDADES PERMANENTES

• Coñece o Museo

Metodoloxía: Visita guiada adaptada ao nivel do alumnado que comprende as partes históricas (refectorio, cociña e claustro) e as colecciónsque albergan estas salas. Visítase tamén a Sala de Ourivería Prerromana, a Sección de Prehistoria e Arqueoloxía e a sala de Mosaicos Romanos.
Nivel educativo: Educación Primaria, ESO e BAC.
Temporización: de 50 a 60 minutos.

• Visita á sección de prehistoria e arqueoloxía

Metodoloxía: Visita guiada adaptada ao nivel do alumnado a esta importante sección do museo. Desde o Paleolítico ata a Romanización.
Nivel educativo: 4º,5º,6º de Educación Primaria, ESO e BAC.
Temporización: de 50 a 60 minutos.

• A Romanización

Metodoloxía: Visita guiada que percorre as colecciónsde época romana do museo: Epigrafía, mosaicos, ritos funerarios, etc . Unha historia da época romana a través dos fondos do noso Museo.
Nivel educativo: ESO e BAC.
Temporización: de 50 a 60 minutos.

Museo Provincial de Lugo (Actividades)

• Rutas Literarias

Metodoloxía: Hai catro rutas: a de Minos, a do Astrágalo, a do Paxaro e a do Carneiro Alado. Cada unha das rutas está baseada nun relato do libro: "Contos de Fantasmas no Museo". Conta cunha folla de ruta que o alumnado debe completar xa no museo. Logo comprobamos os resultados de cada unha das catro expedicións.
Nivel educativo: ESO e BAC.
Recursos materiais: Libro (que se pode descargar da nosa web) e follas de ruta.
Temporización: de 70 a 80 minutos.

• Viaxe polo Lugo Romano

Metodoloxía: Desde a historia do Imperio ata a do Lugo romano. Viaxe que nos axuda a entender de onde vimos a través dos fondos do museo.
Nivel educativo: 4º, 5º, 6º de E. Primaria
Temporización: de 50 a 60 minutos.

• Crea o teu museo

Metodoloxía: Fago o meu museo, facemos o noso museo, creamos unha Rede! Os museos son relatores de historias. Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso museo a partir dun diálogo aberto coas nosas colecciónsn e cos profesionais que traballan neste espazo. Se queres saber como, pregúntanos!
Nivel educativo: E. Infantil e E. Primaria.

Museo Provincial de Lugo (Actividades)

• Artistas Lucenses no Museo Provincial de Lugo

Metodoloxía: Imos ver a obra dos nosos artistas lucenses e coñeceremos a súa vida, tamén distintas técnicas (gravado, acrílico, óleo etc.), as paisaxes que nos deixaron de anos atrás de nosa cidade e a súa forma de expresarse no campo artístico.
Nivel educativo: 5º e 6º de E. Primaria e 1º ESO.
Temporización: de 50 a 60 minutos.

• Safari no museo

Metodoloxía: Percorrido na procura dos animais representados nas distintas obras expostas polas salas do Museo. Primeiro buscámolos e despois falamos de como é a súa vida.
Nivel educativo: : E. Infantil e E. Primaria.
Recursos materiais: Viseira de explorador e postais cos debuxos dos animais.
Temporización: de 50 a 60 minutos.

Museo Provincial de Lugo (Actividades)

Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo
(34)982 242 300 / 982 242 112
didactica@museolugo.org /guias@museolugo.org
http://redemuseisticalugo.org

DEPUTACIÓN DE LUGO

REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO